

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto de interese autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Outeiro Grande
Localización:	A Estrada e Forcarei (Pontevedra)
Promotor :	AV Outeiro Rubio S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN661A 2011/1-4
Data rexistro:	29.06.2022
Expedientes:	03.I.628.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e (Servizo de Arquitectura)

O 29.06.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 23.05.2022. Facíltese a ligazón para descargar o documento nomeado "Documentación para a resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Parque eólico de Outeiro Grande (Xuño 2022)".

O 20.07.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado dunha documentación adicional achegada polo promotor. Facíltese a ligazón para descargar o documento nomeado "Addenda ao estudo de impacto cultural do EIA do parque Outeiro Grande" nos termos municipais da Estrada, Forcarei e Silleda (Pontevedra).

En relación con esta solicitude, comunícase que o 17.06.2021 o Consello da Xunta de Galicia declarou como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto do Parque eólico Outeiro Grande, o que ten como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento, salvo a presentación de solicitudes e recursos.

ANTECEDENTES

O 23.05.2022 a DXPC emitiu un informe favorable dos documentos "Parque Eólico Outeiro Grande. Estudio de Impacto ambiental. Novembro 2020-Revisión setembro 2021" e "Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Outeiro Grande, Septiembre 2021", "Addenda al Proyecto de interés autonómico Parque eólico Outeiro Grande (Octubre 2021)" e "Proyecto de ejecución refundido parque eólico Outeiro Grande", condicionado a que se modificasen, corrixisen e se completasen determinados aspectos, entre eles:

- Deberá eliminarse o aeroxerador OG-02, que se localiza moi próximo á igrexa de Santa María de Olives ou trasladalo a outra posición das informadas favorablemente pola DXPC o 23.07.2012 e o 11.12.2012.
- Respecto ao aeroxerador OG-05, desprazarase cara ao leste á posición informada favorablemente (posición 6 das alternativas 1 e 2).
- Buscaranse outras alternativas ao acceso ao parque eólico proposto polo lugar do Fietoso, no extremo nordeste do parque, cuxa construción suporía un forte impacto sobre o contorno de protección do xacemento do Coto do Castro (GA36017057), xa que levaría consigo unha considerable alteración dos terreos dentro do devandito contorno. As novas alternativas de acceso deberán ser avaliadas e sometidas a informe desta DXPC.
- Terá que revisarse en campo a referencia a un posible Túmulo en Fonte Barral (GA36018REF-12), debendo clarificarse se pode ser considerado como un xacemento arqueolóxico, e, de ser o caso, avaliarase o impacto e estableceranse as medidas correctoras necesarias.
- Deberán recollese todos os bens de patrimonio cultural incluídos no Estudio de impacto do patrimonio cultural que fora realizado pola arqueóloga Elena Mosquera Souto, ou de excluírse algún deberá xustificarse.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o



patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallan as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc).

Consideración legais e técnicas

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126 do 04.07.2022).
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)

Análise da documentación presentada:

A documentación achegada trata de expoñer as modificacións propostas a teor do informe da DXPC, co fin de reducir os efectos que a construción do parque eólico tería na percepción visual, se esta se producise, desde o contorno de protección das igrexas de Santa María de Olives e Santa Baia de Pardemarin. Tamén se presentan as propostas de acondicionamento do vial de acceso ao parque eólico, próximo ao xacemento arqueolóxico do Coto do Castro (GA36017057), de forma que se mitigue a afección sobre este ben. Para todo iso achégase a seguinte documentación:

- Simulacións fotográficas de percepción da instalación do parque eólico desde a contorna dos bens patrimoniais antes mencionados, así como perfís de incidencia visual do mesmo desde a Igrexa de Santa María de Olives.
- Plano comparativo da planta proxectada e da modificación proposta coa recolocación dos aeroxeradores OG-02 e OG-05.
- Plano comparativo do acceso ao parque eólico existente e as dúas propostas estudadas.

Con respecto ao impacto sobre o contorno de protección do xacemento do Coto do Castro (GA36017057), redeseñouse a actuación proxectada sobre o vial existente que se aproveita como acceso procurando reducir sensiblemente a afección sobre o contorno de protección deste ben. Para iso contempláronse as técnicas máis recentes en materia de transportes especiais co uso do sistema *blade-lifter*, que permite reducir o radio de curvatura mínimo necesario para o paso dos convois de 70 m a 45 m de radio. Desta forma, propónse desprazar o eixo do viario de acceso uns 40 m cara ao sueste, reducindo de maneira significativa a afección causada tanto polo movemento de terras como pola superficie ocupada no contorno de protección do xacemento. As actuacións para acondicionar o viario consistirían en rozar, sanear a terra vexetal, achaiar e afirmar o terreo con aporte de saburra ata chegar á cota do vial existente. Todas estas actuacións realizaríanse no lado oposto do vial con respecto a onde se localiza o xacemento. Mediante este acondicionamento acadaríase o ancho de vial mínimo de seis metros requirido polos transportes especiais dos compoñentes de aeroxerador. En canto á variante do vial existente, executaríase dunha forma similar, coa única diferenza que non sería necesario afirmar o vial ata unha cota imposta por un trazado actual, senón que estaría condicionada ás características de Kv e pendente requiridas polos transportes de turbinas, e na procura do menor movemento de terras posible, reducindo



a afección no contorno de protección do ben patrimonial. Ademais, proxectouse a drenaxe do viario de forma que a ODT necesaria para evacuar as augas discorra por fóra da área de protección do Coto do Castro.

A nova formulación da actuación sobre a estrada que serve de acceso ao parque reduciría considerablemente a afección sobre o ben patrimonial, polo que se somete á consideración da DXPC. Estímase que a solución proposta, unida á adopción de medidas cautelares e preventivas que permitan o control e seguimento arqueolóxico intensivo das obras, permitiría a adecuada protección do ben patrimonial. Con todo, no caso de que a DXPC considere que a modificación proposta segue sendo incompatible coa protección do patrimonio cultural, presentaríase unha modificación do proxecto que implicaría necesariamente construír un vial de 1.300 m polo lado oeste. Nese caso, aínda que se aproveitaría nunha maior parte do seu percorrido os viais existentes, o seu impacto sobre a poboación que reside neste lugar sería maior, pola proximidade das obras ás vivendas. De vez, as complicacións loxísticas debido á necesidade de realizar unha manobra de marcha atrás durante máis de 400 m, e a dificultade de adaptar as estradas existentes aos parámetros requiridos para o transporte, ocasionaría un impacto global maior.

A respecto da avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, indícase que o acceso do parque realizarase desde a estrada N-640, no P.K. 189+275. A partir dese punto acondicionaranse os viais existentes, unicamente nos tramos necesarios, co obxectivo de cumprir cos requisitos de trazado impostos por transportes especiais. Nas zonas onde non sexa posible acondicionar os viais existentes, executaranse viais de nova construción. Tanto os acondicionamentos de viais existentes como os viais de nova execución foron detallados no proxecto de execución do parque eólico, así como nos planos do EslA. As afeccións ao patrimonio cultural represéntanse no plano 10.3. "Patrimonio cultural alternativa 3" de Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural. Cabe sinalar que non se proxecta ningún sobre o contorno de protección de elementos patrimoniais. Porén, no caso que a DXPC considere que o nivel de detalle destas actuacións dos accesos é insuficiente, previo ao comezo das obras, realizarase o estudo particularizado das afeccións do tramo inicial do acceso ao parque eólico, no que se identificarán de forma clara todos os elementos, tanto bens de patrimonio cultural como actuacións propostas. Consultarase para iso, no caso dos bens afectados, todas as fontes de información dispoñibles para iso. E o informe atenderá ás indicacións e recomendacións achegadas pola DXPC.

Por outra banda, respecto da revisión en campo a de la referencia a un posible Túmulo en Fonte Barral (GA36018REF-12), realizada a comprobación apréciase que existe unha clara tumulación no punto indicado cunhas dimensións aproximadas de Eixo N-S: 18 m / Eixo E-W: 20 m e 1 m de altura máxima, e coa metade NW moi esvaecida, probablemente, por mor das actividades agrarias; polo que debe sinalarse que o terreo no que se sitúa o posible elemento dedícase a pasto, moi crecido, e a parte alta utilízase actualmente para secar o pasto segado, polo que non se puido detectar cono de violación, aínda que nos planos LIDAR e de pendentes non se observa depresión central algunha. En todo caso, advírtese que sen unha limpeza vexetal da tumulación e a súa contorna non se pode asegurar que se trate dun elemento arqueolóxico polo que se recomenda que se manteña como unha referencia. En calquera caso, e como xa se indicara este elemento atópase a 410 metros de calquera das infraestruturas previstas.

A addenda presentada integra a totalidade dos elementos do patrimonio cultural identificados na poligonal do parque, incluíndo tanto os procedentes do estudo que se realizara no ano 2012, como os do último estudo do 2020. Polo demais, a promotora do parque acepta e asume o resto de condicións indicadas no informe da DXPC do 23.05.2022.

Respecto ao emprazamento do aeroxerador OG-02, próximo á igrexa de Santa María de Olives, apórtase unha análise visual comparando a posición proposta no EIA de 2021 con outras posicións máis afastadas da igrexa e que foron informadas favorablemente no deseño do parque eólico tramitado no ano 2011. Como resultado verifícase que non será visible o aeroxerador nin desde o vial de acceso á igrexa nin desde a propia igrexa, debido á orografía do terreo xunto coa densa vexetación autóctona existente na zona, que serve de pantalla. Pola contra, na posición inicialmente informada, aínda que a maior distancia da igrexa, o aeroxerador sería visible por detrás do elemento, desde o adro da igrexa e o camiño de acceso, o que suporía maior afección en comparación coa posición actual.

Respecto ao emprazamento do aeroxerador OG-05, situado a 960 m da igrexa de Santa Baia de Pardemarín, xustifícase o seu achegamento á igrexa respecto da posición informada no ano 2012, 1.130 m, pola actualización do modelo de aeroxerador e a necesidade de maior distancia entre máquinas e



apórtase unha análise visual comparando as dúas posicións, na que se pode apreciar que a afección visual é similar. Adicionalmente, o promotor propón como medida correctora, a plantación de dúas pantallas de arboredo autóctono que mitigarían a afección visual das máquinas sobre a igrexa de Santa Baia, tal como se mostra na simulación gráfica presentada.

A documentación adicional achegada o 29.06.2022, inclúe a "*Addenda ao estudo de impacto cultural do EIA do parque Outeiro Grande (Xullo 2022)*", asinada polo arqueólogo Jesús Pablo Vaamonde Díaz. Respecto ao patrimonio arquitectónico e etnolóxico, nesta addenda incorpóranse a totalidade dos bens patrimoniais incluídos no "*Estudo de impacto do patrimonio cultural do parque eólico de Outeiro Grande*", redactado pola arqueóloga Elena Mosquera Souto (Marzo 2012), entre eles, 71 elementos etnolóxicos non catalogados. Tamén figura, segundo o indicado no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 23.05.2022, o Muíño da Devesa (codificado como E-72 e recollido nunha das fichas de catalogación do xacemento GA36017057). No documento foron avaliados todos os bens patrimoniais, considerando que non existe afección respecto dos de carácter arquitectónico ou etnolóxico, debido a súa distancia ás obras do parque.

Á vista da documentación remitida, pódense facer a seguintes **consideracións técnicas**:

- A nova proposta para construír o vial de acceso polo lugar do Fietoso, situado no extremo nordeste do parque, reduce considerablemente o impacto dentro do contorno de protección do xacemento arqueolóxico do Coto do Castro (GA36017057) con respecto ao que se produciría co proxectado inicialmente. Redúcese o volume de movemento de terras así como a superficie ocupada, e localízase no lado oposto da estrada a onde se localiza o castro. A maior abastanza, o maior volume de obra produciríase no paso sobre o Rego de San Martiño, espazo presumiblemente carente de potencialidade arqueolóxica. Dende o punto de vista arqueolóxico, a maior incidencia produciríase cos labores de saneo do terreo que removerían terras. Por tanto, cómpre unhas medidas protectoras e correctoras axeitadas para iso.
- Respecto da avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, faltaría por concretar as accións necesarias fóra da poligonal do parque, é dicir, dende o P.K. 189+275 da estrada N-640 ata o lugar do Fietoso, e valorar as posibles afeccións nese ámbito.
- As aclaracións e as análises visuais aportadas xustifican a posición dos aeroxeradores OG-02 e OG-05 reflectidas no proxecto do Parque eólico Outeiro Grande que está en tramitación. No primeiro caso, compróbase a non visibilidade do aeroxerador fronte a outras alternativas e, no segundo caso, a comparativa de visibilidades é moi similar e se verá mitigada coa proposta de plantación de arboredo autóctono.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considérase que se dá conta dos requirimentos do informe da DXPC do 23.05.2022 e se emite un **informe favorable** da documentación complementaria e adicional presentada como resposta do promotor ao informe da DXPC do 23.05.2022 sobre os documentos "Parque eólico de Outeiro Grande. Estudo de Impacto Ambiental (Novembro 2020-Revisión setembro 2021)", e "Proxecto de interese autonómico Parque eólico Outeiro Grande (Setembro 2021)", nos termos municipais de a Estrada e Forcarei (Pontevedra). O informe queda condicionado ao cumprimento das medidas correctoras establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo III do EIA e a súa addenda, así como as propostas na documentación complementaria remitida o 29.06.2022. E, en todo caso, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Con carácter previo a construción do vial de acceso polo lugar do Fietoso, situado no extremo nordeste do parque, e logo de desbrozar os terreos, realizaranse unhas sondaxes arqueolóxicas valorativas na área que vai ser afectada polas remocións de terras para construír o devandito vial. De apareceren restos arqueolóxicos primará a conservación *in situ* dos mesmos, polo que se terían que adoptar as modificacións e medidas protectoras e correctoras oportunas. Asemade



revisaranse as ribeiras do Rego de San Martiño por se puidese haber outros bens de patrimonio cultural vinculados ao río (muíños de regato e estruturas asociadas). Tamén se contemplarán medidas de integración paisaxística como a revexetación dos noiros resultantes do novo vial a construír.

- Con carácter previo á construción do parque, concretaranse e avaliaranse as accións necesarias para acondicionar os accesos fóra da poligonal do parque, é dicir, dende o P.K. 189+275 da estrada N-640 ata o lugar do Fietoso.
- Respecto ás medidas correctoras propostas na "Documentación para a resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Parque eólico de Outeiro Grande (Xuño 2022)" relacionadas coas pantallas vexetais de arboredo autóctono na contorna da igrexa de Santa Baia de Pardemarin, o promotor deberá contar coas autorizacións pertinentes e comprometerse ao mantemento destas medidas ao longo do tempo para que non deixen de ser efectivas.
- Mantéñense o resto dos condicionantes incluídos no informe favorable da DXPC emitido o 23.05.2022 sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial.

Respecto ao Proxecto de interese autonómico:

- O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

